

**5/383 CONCESIÓN DEMANIAL PARA O USO PRIVATIVO PARA A EXPLOTACIÓN DO SERVIZO DE CAFETERÍA RESTAURANTE ANEXA AO CENTRO DE EMPRESAS E INNOVACIÓN (COMPLEXO CEI-NODUS ESPAZO LAB-PARQUE DE BOMBEIROS). MODIFICACIÓN DOS PREGOS DE CONDICIÓN TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, EXP. REF. 2024-C012-000004.-** Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta da técnica adscrita ao Servizo de Contratación e Patrimonio, do 27 de agosto de 2024, conformada polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Transición Ecolóxica, en substitución do tenente de alcaldesa delegado da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, na parte expositiva do cal se fai constar:

#### “ANTECEDENTES

1.- Prego de condicións técnicas que rexerá na concesión do uso privativo para a explotación do servizo de cafetería restaurante ANEXA AO CENTRO DE EMPRESAS E INNOVACIÓN (COMPLEXO CEI-NODUSESPAZO> LAB-PARQUE DE BOMBEIROS asinado polo xefe da Sección de Patrimonio o 1 de agosto de 2024 e mais o concelleiro delegado.

2.- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola técnica do Servizo de Contratación e Patrimonio o 5 de agosto de 2024.

3.- Acordo da Xunta de Goberno Local nº 3/370, do día 14 de agosto de 2024, mediante o cal se aprobou o seguinte:

**PRIMEIRO.-** *Aprobar o procedemento para a CONCESIÓN DEMANIAL PARA O USO PRIVATIVO PARA A EXPLOTACIÓN DO SERVIZO DE CAFETERÍA-RESTAURANTE ANEXA AO CENTRO DE EMPRESAS E INNOVACIÓN (COMPLEXO CEI-NODUSESPAZO> LAB-PARQUE DE BOMBEIROS.*

**SEGUNDO.-** *Aprobar o prego de prescricións técnicas asinado o 1 de agosto de 2024 polo xefe de sección de Patrimonio mailo concelleiro delegado da área, así como o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola técnica do servizo de Contratación e Patrimonio o 5 de agosto de 2024, e que se recollen en documento aparte.*

**TERCEIRO.-** *Aprobar a adxudicación por procedemento **aberto e tramitación ordinaria**, previsto e regulado polos artigos 131, 156 e seguintes da LCSP.*

**CUARTO.-** *Publicar o anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello de Lugo aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, xunto cos pregos*

**ACTAS E GOBERNO**

JDR/cvr

Refº: ispac5912753731034230654.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 28-8-2024

*de cláusulas administrativas particulares, prego de prescricións técnicas e demais documentos.*

*Publicar, asemade, o anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.*

*...”*

4.- Novo prego de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas do 26 de agosto de 2024 no que se corrixe unicamente o **ANEXO I de relación de material adscrito á concesión** (que por erro non correspondía a este expediente) e se establece a posibilidade de visitar a instalación durante o prazo de licitación e do que se dará aviso en PLACE.”

A Xunta de Goberno Local, con base na referida proposta e por unanimidade de todos os seus membros presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas asinados o 26 de agosto de 2024 pola técnica do Servizo de Contratación e Patrimonio mais o concelleiro delegado da área, e que se recolle en documento á parte; continuando coa tramitación do expediente conforme o Acordo da Xunta de Goberno Local nº 3/370, do día 14 de agosto de 2024

SEGUNDO.- O que se lles comunica aos interesados con indicación de que contra o prego prescricións técnicas poderán interpoñer os seguintes recursos.

- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ao da notificación deste acto.

- Non obstante o anterior, e con carácter previo, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de 2015, de procedemento administrativo común das administracións públicas, ante a Xunta de Goberno Local, no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ao da notificación deste acto.